

galicia



Nadal en Rede!

dossier de prensa

XUNTA DE GALICIA



Presentación

A Secretaría Xeral de Política Lingüística promove, un ano despois da creación da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia, o primeiro Nadal en Rede, a través de cinco iniciativas que pretenden galeguizar estas festas.


Todos os concellos adscritos á Rede recibiron xa o volume 'O libro dos Reis Magos', para facilitarlle ás Súas Maxestades unha serie de discursos nos que asentar as súas disertacións públicas. Ademais, repartíronse 5.000 modelos de carta para escribirlle a tradicional misiva aos Reis de Oriente, que chegarán a nove colexios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para escoitar as arelas dos máis pequenos en 'Lingua de Reis'.

As asociacións culturais e veciñais poderán aprender os cantos tradicionais destas datas nos obradoiros 'Cantámosche os reis', impartidos polos músicos Pablo Díaz e Olga Kirk, e o público xeral poderá enviar as súas postais natalicias empregando os modelos que xa están no sitio web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Toda a información e descargas: www.xunta.es/linguagalega/nadal_en_rede

A Rede de Dinamización Lingüística

Nadal en Rede constitúe outra das iniciativas que desenvolven as especificacións da Programación anual de actividades da RDL para o ano 2012, aprobada polo Consello de Membros a proposta da súa Área Técnica a finais de 2011.



A RDL é proxecto impulsado polo Goberno galego, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no que a día de hoxe participan case 130 entidades de Galicia, co obxectivo prioritario de establecer e consolidar vías estables de colaboración, cooperación e coordinación entre as administracións local e autonómica dando así un paso máis na promoción planificada do noso idioma. Ampliar os usos da lingua galega, incrementar o seu prestixio e favorecer a súa visibilidade nos distintos ámbitos sociais son os seus principais propósitos.

O diálogo entre administracións, entidades, fundacións, asociacións, colexios profesionais, consorcios, entre outras entidades, supón unha nova dinámica de traballo na que se priorizan a optimización dos recursos, se queren evitar as duplicidades e se busca favorecer unha política lingüística mais eficiente e eficaz. A partir dunha planificación lingüística conxunta, a RDL está a definir estratexias básicas comúns en todo o territorio e compartindo experiencias, materiais e información entre os seus diferentes membros.

O libro dos Reis Magos

Para que os Reis Magos, que chegan a Galicia cansos da súa viaxe e sen tempo para preparar unha alocución, poidan dirixirse aos nenos e nenas en galego, a RDL preparou este libro de fermosos discursos redactados por 26 escritoras que se poden ler tal cal ou adaptarse ao gusto de cadaquén.

No volume, ilustrado por Marina Seoane, asinan Yolanda Castaño, Andrea Porto, Rosario Golmar, Celia Parra Díaz, Rosalía Morlán, Beatriz García Turnes, Oriana Méndez, María Solar, Lupe Gómez, Leticia Costas, Helena Villar Janeiro, Elena Gallego Abad, Ana María Fernández, Antía Otero, Eva Lozano, María Canosa, Inma López Silva, Fina Casalderrey, Doris Tembrás, Mercedes Queixas Zas, Clara do Roxo, Concha Blanco, Anxos Sumai, Paula Carballeira, Rosa Aneiros e Teresa González Costa.



O libro pódese descargar en

http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/libro_Reis.pdf

Este Nadal... Agasalla en galego!

Outra das iniciativas da RDL para estas datas é o catálogo dixital de regalos *Este Nadal... agasalla en galego!* que se pode descargar e difundir dende o web da Secretaría Xeral de Política Lingüística. O catálogo recolle discos, libros, xoguetes, roupa, tecnoloxía ou produtos alimenticios, todos eles co denominador común de usaren o galego nos seus contidos e/ou etiquetaxe.



O obxectivo deste documento é darlles a coñecer aos consumidores produtos en galego co fin de permitirles aos galegofalantes ter regalos no seu idioma e mais co de apoiar as empresas de Galicia que optan por esta lingua. A Rede quere animar os consumidores a agasallar os seus seres queridos con produtos no idioma propio de Galicia.

O catálogo pódese descargar en

www.xunta.es/linguagalega/nadal_en_rede

Língua de Reis

Para despedir o ano, os escolares de infantil e primeiro ciclo de primaria dos colexios de Castro de Rei, Sober, Maside, Corcubión, A Baña, Aranga, A Lama, Cuntis e Mondariz-Balneario recibirán a visita das Súas Maxestades de Oriente que, aínda que veñen de moi lonxe, falarán cos cativos en galego, unha lingua que lles encanta.

Cantámosche os reis

Os músicos Pablo Díaz e Olga Kirk impartirán obradoiros de cantos de Nadal nos concellos de Mesía, Ribadavia, O Pereiro de Aguiar, Cerdedo, Cerceda, Moaña, Palas de Rei, Ames e Campo Lameiro entre o 27 de decembro de 2012 e o 4 de xaneiro de 2013. Os obradoiros, dirixidos a asociacións culturais e veciñais e mais a público en xeral, perseguen a difusión de cancións en galego propias destas festas para que as celebremos na nosa lingua e mais a recuperación da tradición de interpretar nadais, aninvos e reis polas casas de cada aldea e vila do país.

Ademais, a Rede de Dinamización Lingüística pon a disposición de todas as entidades que a compoñen e mais das asociacións e persoas interesadas un folleto con información e exemplos desta rica tradición, co fin de animárenos a contribuír á súa recuperación, en www.xunta.es/linguagalega/contamosche_reis

Calendario

Língua de Reis

- 14/12/12: Castro de Rei. CEIP Veleiro Docampo ás 11:00h.
- 17/12/12: Cuntis. CPI Aurelio Marcelino Rey García ás 10:30h.
- 17/12/12: Corcubión. CEIP Praia de Quenxe ás 15:00h.
- 18/12/12: Aranga. CEIP A Castellana ás 11:00h.
- 19/12/12: Sober. CEIP Virxe do Carme ás 12:00h.
- 19/12/12: Maside. CEIP Terras de Maside ás 15:30h.
- 20/12/12: Mondariz-Balneario. CEIP Nosa Señora de Lourdes ás 11:00h.
- 20/12/12: A Lama. CEIP A Lama ás 15:00h.
- 21/12/12: A Baña. CEIP San Vicente ás 12:15h.

Cantámosche os reis

- 27/12/12: Mesía. Casa da Cultura ás 12:00h.
- 27/12/12: Ribadavia. Casa da Cultura ás 17:00h.
- 28/12/12: O Pereiro de Aguiar. Colexio Ben-Cho-Shey ás 12:00h.
- 28/12/12: Cerdedo. Centro Cultural ás 16:30h.
- 29/12/12: Cerceda. Museo do Moucho ás 17:00h.
- 02/01/13: Moaña. Praza de Abastos ás 18:00h.
- 03/01/13: Palas de Rei. Casa da Cultura ás 17:00h.
- 04/01/13: Campo Lameiro. Centro Cultural Sobrino Buhigas ás 12:30h.
- 04/01/13: Ames. Casa da Cultura do Milladoiro ás 18:00h.



Cartas ás Súas Maxestades de Oriente

Queridos Reis Magos:

Chámome _____

vivo en _____ e teño _____ anos.

Este ano _____

Agradeceríavos moito _____

Graciñas e unha forte aperta!

Asinado: _____

Moi contentos se poñen os Reis Magos cando os nenos e nenas galegos lles escriben na lingua propia de Galicia! Para facilitarlles este labor a todos os cativos, a Rede de Dinamización Lingüística creou este modelo de carta que se enviou a 94 concellos petencentes a esta entidade e que, dende o web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, se pon agora ao dispor dos restantes municipios da RDL e de todos os nenos e nenas de Galicia.



Ligazón: http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/carta_reis_magos.pdf

Postais en galego



Un ano máis, podedes enviar por correo electrónico fermosas postais en galego para felicitar o Nadal e o aninovo aos seres queridos en http://www.xunta.es/linguagalega/postais_en_galego

